

Autopistas del Atlántico, CESA
Alfredo Vicenti, 15 - A Coruña

a9@audasa.es

Estimados/as Señores/as:

Como persoa galego-falante e preocupada pola presenza social da lingua galega, diríxome a vostedes para lles expresar o meu desexo de que o galego teña un meirande protagonismo nas actividades públicas da súa empresa. Reclámolles, en concreto, que empreguen sempre o idioma galego en todos os sinais e tiquets das autoestradas galegas que xestiona AUDASA, xa que até o momento a maioría deles están unicamente en español.

Considerando que o galego é a lingua propia de Galiza e que é falado pola maior parte da poboación deste país, resulta ben pouco afortunado, así como unha falla de respecto cara a todas as persoas galego-falantes, que non sexa empregado tamén nas nosas autoestradas.

Por outra banda, e tendo en conta que AUDASA en parte utiliza cartos públicos, é de necesidade que o galego, lingua propia e oficial do noso país, estea sempre presente en todas as obras que a empresa desenvolva. Eu, como contribuínte e persoa galego-falante, así llo esixo.

Atentamente